

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O Ribeiro

CURSO: EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS MÓDULO 4

MATERIA: Ámbito da Comunicación

DEPARTAMENTO: Dpto. LINGUA GALEGA e LITERATURA

DATA: 15 maio 2020

PROFESORA: M^a Isabel Gil Cacheiro

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos	B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.
	B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.
B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación
B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.	B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas
B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
B2.5. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).
	B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.
B2.7. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.
	B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sèrvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.
B2.8. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais.	B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.
B2.9. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

	B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.
B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.
	B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
	B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.
	B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.
B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e o /n/ velar
B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.
B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.
B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.
	B3.8.4. Elaboro textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.
B3.9. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada	B3.9.2. Elaboro producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual

1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

1.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

A actividade lectiva do Módulo 4 comezou dúas semanas antes do 13 de marzo. Ao ser un ensino semipresencial só tivemos dúas sesións na aula polo que non se fixo ningunha proba escrita avaliábel.

Durante este semestre traballaránse aprendizaxes básicas e esenciais da materia, é dicir, aquelas que están ligadas ao desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado.

Xa que o traballo desenvolvido é escrito na súa totalidade basearase nas destrezas de comprensión e produción de textos escritos e nos contidos mínimos gramaticais da materia.

Segundo isto, prestarase especial atención a:

- Presentación dos exercicios, actividades... requeridos polo profesor e dentro do prazo establecido, o que revela interese pola materia e participación activa nas tarefas do semestre. Non entregar as tarefas lerase como abandono da materia e suporá o suspenso da mesma.
- Corrección no uso da lingua.
- Produción correcta de textos escritos.
- Corrección e xusteza dos contidos.

Os exercicios realizados valoraranse nun 70% e haberá unha proba escrita que contará un 30%. A nota media deberá acadar un 4'5 para superar o módulo.

1.2 Cualificación final

A cualificación final basearase na media das tarefas entregadas neste semestre (70%) e unha proba escrita (30%). O alumno deberá ter unha nota media entre as dúas igual ou superior a 4'5 para aprobar.

Para isto será requisito indispensable ter entregados os exercicios deste semestre na súa totalidade ou nunha porcentaxe elevada. Así mesmo, as tarefas deben estar entregadas dentro do prazo establecido para sumar.

Lembrar que esta parte da materia supón un 66'6% que deberá sumarse á parte de Inglés (un 33'3 %). O alumno deberá acadar un 4'5 de media para aprobar.

1.3 Proba extraordinaria de setembro

Dependo da situación sanitaria as probas extraordinarias de setembro poderanse realizar de xeito presencial ou telemático (con exercicios e probas elaboradas para tal efecto).

En calquera caso, a avaliación extraordinaria consistirá nunha proba global de toda a materia dada. Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no exame presencial da materia ou, de ser o caso, nas probas telemáticas.

1.4 Alumnado que non superou o Módulo 3.

1.4.1. Criterios de avaliación e cualificación

Os alumnos que non superaron o Módulo 3 deberán entregar boletíns de exercicios preparados pola profesora e no prazo estipulado que contarán un 70% da nota e facer unha proba escrita final que se valorará cun 30%. As tarefas e a proba escrita deberán sumar unha media de 4,5 para aprobar o Módulo pendente de cualificar.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

2.1. ACTIVIDADES

2.1.1. Actividades de recuperación, repaso, reforzo

UNIDADE 13. Comprensión oral

- Interferencias lingüísticas

UNIDADE 14. Gramática da lingua

- Estrutura da palabra
- Familia léxica
- Préstamos e neoloxismos
- Semántica. Tabú e eufemismo

- Acentuación. Til diacrítico
- Ortografía: b/v, h, s/x, ll/y, g/j
- Os signos de puntuación
- Os grupos consonánticos
- Homófonos
- Sintaxe: sintagma
- Estrutura da oración simple: complementos do predicado

UNIDADE 15. Comunicación escrita

- Textos xornalísticos
- Textos periodísticos
- Textos argumentativos

Engádesse a comprensión lectora e a produción e expresión escritas.

2.2. METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía será participativa e activa. Consistirá nas tarefas indicadas polo profesor e na práctica mediante exercicios escritos. Cada martes envíanse 3 fichas aos alumnos que deben entregar antes das 8 da tarde do martes seguinte. Ademais, mándanse os boletíns de recuperación para aqueles alumnos que non superaron o Módulo 3.

Ao martes seguinte a profesora envía unha corrección xeral ou individual (no caso das redaccións, por exemplo).

2.3. MATERIAIS e RECURSOS

- Unidades Educación Secundaria para persoas adultas Ámbito da comunicación Módulo 4 (Educación a distancia semipresencial) Xunta de Galicia
- Páxinas web indicadas polo profesor ou que o alumno considere.
- Apuntamentos enviados pola profesora.

2. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

3. 1.Información ao alumnado e ás familias

O profesor traballa cos alumnos mediante e-mail e grupos de whatsApp con cada grupo de clase.
A comunicación coas familias realízase mediante os mesmos medios.

3.2. Publicidade

Esta adaptación da programación publicarase na web do centro